
RESOLUCIÓN REITORAL, DO 27 DE OUTUBRO DE 2020, POLA QUE SE ADOPTAN AS MEDIDAS PROPOSTAS POLO COMITÉ DE ASESORAMENTO SOBRE A COVID-19 NA SÚA REUNIÓN DO 27 DE OUTUBRO.

O Presidente do Comité de asesoramento sobre a COVID-19, á vista de que todos os resultados das PCR que se fixeron na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra para confirmar os resultados dos test serolóxicos deron negativo e en tanto que a resolución reitoral do 24 de outubro determinaba que o pase á docencia en liña das titulacións impartidas nesta Facultade remantaba o día de hoxe, trasladou a esta Reitoría a súa proposta de retomar a docencia presencial neste centro con efecto a partires do 28 de outubro,

Tendo en conta esta proposta, esta Reitoría,

RESOLVE

Acordar o pase de todas as titulacións impartidas na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra a partires do día 28 outubro do 2020 á modalidade de docencia aprobada ao inicio do curso.

Contra a presente resolución pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, previamente poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación da mesma resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste último caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que a reposición sexa resolta expresamente ou se producise silencio administrativo, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 27 de outubro de 2020
Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo